



### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 5 DE NOVEMBRO DE 2012.

#### ASISTENTES:

##### **Alcalde-presidente**

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO( PP)

##### **Concelleiros/as**

D. M<sup>a</sup> CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ( PP)

D.<sup>a</sup> MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.<sup>a</sup> NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO ( PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ÁNXELA GONZÁLEZ CID ( BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

##### **AUSENTES :**

##### **Secretario Xeral**

D<sup>a</sup> Silvia Alonso Fernández

##### **Interventora de fondos**

D.<sup>a</sup> Eva García Fernández

*No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 12,00 horas do día 5 de NOVEMBRO de 2012 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres.-/as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.*

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



## PARTE RESOLUTIVA:

### 1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Pola Presidencia preguntase si existe algunha obxección que facer á acta anterior.

. Sen mais sométese o asunto a votación resultando, por unanimidade dos asistentes, o seguinte acordo: “Aprobación da acta da sesión do 24/09/2012”.

### 2.- APROBACION INICIAL DO ORZAMENTO 2013.

Pola Presidencia explícase que o orzamento do ano 2013 é practicamente igual ó do ano 2012, cun importe de 5.120.000 euros. Non obstante, tense que ter en conta que o ano pasado tiñamos 70.000 euros adicados ó pago de facturas de recoñecemento extraxudicial de créditos, e este ano xa non os temos, e tamén que no ano presente asumimos dende o Concello un incremento de persoal correspondente a xestión directa da gardería, e á posta en funcionamento do Polideportivo municipal. Estes gastos pódense facer porque este ano 2013 xa non temos débeda.

Destacase unha redución en 150.000 euros dos ingresos procedentes do Fondo de Cooperación, pero a pesares disto, non se reducen as prestacións, e mantéñense os servizos e incluso se incrementarán, como no caso do polideportivo. A pesar da crise, e do tremendo recorte en materia de ingresos e redución de subvencións, cúmprese o obxectivo fundamental de non tocar os servizos sociais nin o servizo de axuda no fogar, e esperamos non ter que sufrir recortes no nivel de prestación os cidadáns.

Non obstante, hai que ter en conta, que estamos asumindo partidas de un volume importante, como a dos bonobuses, a escola de música etc... que non corresponden a competencias municipais directas, polo que pode que houbese que revisar nun futuro as taxas, se seguen a baixar os ingresos. Por exemplo, o custe da escola de musica é de 102.000 euros, e as achegas por taxas son 12.000 euros.

Destacar un recorte no capítulo de inversións: nos últimos anos fixéronse moitas obras e agora toca manter o seu funcionamento e asumir o seu gasto corrente, polo que priorizamos o mantemento dos servizos, e prioritariamente dos servizos sociais, nesta época de crise.

O Sr. Fírvida (BNG) sinala que parece que o alcalde vive outra realidade diferente a dos veciños do Concello. A crise parece que, polo que di, non lle afecta a Barbadás, e a meirande parte dos habitantes están pasando moitas dificultades, mentres vostede di que os veciños teñen sorte por non sufrir



recortes.

Nos últimos dez anos, incrementouse o IBI entre o 200 e o 250%, e a recadación, nun 100%. Se subiron as taxas por escola de música, por escolas deportivas, por auga, por canon de verquidos... e vostede segue pensando que as administracións son empresas; mercantilizan e monetarizan todo, cando o verdadeiro cometido das administracións é o de prestar servizos, e non o de ter un déficit cero, que é o concepto da dereita.

Por outra banda, o BNG se pregunta o por que de presentar 250.000 euros en facturas impagadas de anos anteriores, dende o 2001, e cantas mais teñen no caixón.

Sinala tamén o voceiro, que o Capítulo I, o de persoal, representa un 47% do orzamento, e o 44% corresponde a gasto corrente, polo que supón un total dun 91%, quedando soamente un 5% para inversión. Fáltanos unha segunda gardería infantil, non temos piscina cuberta, nin centro de maiores etc.. e son necesidades que non se cobren por falta de inversión, e agora, incluso o instituto desaparece xa do argumentario do seu partido...

Sinala que estes orzamentos, son consecuencia de moitos anos de xestión do PP, e sinala:

- o servizo de augas, esta privatizado, pero se pagan 205.000 euros a maiores en servizos prestados por outras empresas en materia de abastecemento de augas.
- O lixo esta privatizado, pero ademais do custe de 380.000 euros/ano, fan falta 35.000 euros a maiores do contrato.
- No servizo de limpeza, pagamos 7000 euros mais que o ano anterior.

E no último ano, a única obra que se fixo foi a do asfaltado na Valenzá, que se fixo antes das eleccións autonómicas...

Respecto as subvencións, sinalar que a norma xeral na lei galega, é a de que se outorguen mediante concorrência competitiva, e a excepción é o carácter nominativo. Sen embargo neste orzamento, todas teñen carácter nominativo, e as asociacións reciben 1000 euros, menos a da Valenzá, que é unha asociación ilegal, sen estatutos, nin socios, cun presidente acólito do PP, que sen ter actividade, e se lle dan 1500 euros. E as asociacións das Lamas e a de Barbadás, reciben 500 euros. ¿Por que?. Sinalar tamén que as asociacións culturais no noso Concello, son poucas, e as que temos, están maltratadas, e so se lles dan 500 euros.

Respecto ó Club Barbadás de fútbol, pasamos dunha subvención de 15.000 euros , a unha de 30.000. ¿Por que temos que pagar con diñeiro público a un club privado? Non é obrigatorio estar en terceira división, nin fichar xente de Verín ou Carballiño..E estamos en crise.



Respecto os bonobuses, que custan 100.000 euros, nos preguntamos onde está esa área metropolitana tan marabillosa que anunciaron con convenio asinado?

En materia de xestión tributaria, coas 120 persoas traballando no Concello, non somos capaces de realizar unha xestión directa. O ano pasado custaba 90.000 euros, e este, 110.000. ¿ Quen cobra o 380.000 euros da recadación do lixo? Pois Aquagest.

Respecto a desaparición dos Plans Provinciais da Deputación, se pregunta se esa institución xa non vai ter máis obras para este Concello, e respecto ó que no orzamento se chama inversión, non e tal, porque non é infraestrutura, senón material informático e bens de consumo.

En materia de abastecemento, critica que agora queiran cobrar a un pobo que xa se viña autoabastecendo.

Sobre a gardería, fixo ben en recuperar a xestión pública, e as contas lle dan a razón. Antes adicábase 80.000 euros, máis as subvencións da Xunta, máis a achega das cotas dos pais. Temos un déficit de 69.000 euros, pero a xestión é directa, pero vostede ten en mente privatizala, e o BNG votou a favor da xestión pública porque é mais barato e mais eficiente, pero baixo o presuposto de que non se privatice.

A continuación, analiza as contías de determinadas partidas orzamentarias como que se incrementa en 37.000 a de persoal, a de ocio e tempo de lecer, en 14.000 euros, as de deportes, que son dúas partidas novas, unha de 215.00 euros e outra de 14.000 máis, os ingresos previstos do polideportivo en 25.000 euros, o gasto en publicidade de 20.000 euros, e, especialmente cualifica de obscenidade que un concelleiro cobre 2800 euros por unha xornada completa e outros 1200 por media xornada, estando nunha época de crise como esta.

O Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE) expón: o Sr. alcalde di que os orzamentos son cousas de números, e iso non é certo, porque teñen que servir para cubrir as necesidades dos veciños. Tamén di o alcalde que o orzamento é practicamente igual ó do ano pasado, sen embargo se pasa dun gasto en persoal do 37% a o 47,24% , e en materia de inversión pásase dun 15% a un 5%, co que se conclúe que o 11% que se perde en inversión, vai ó capítulo de persoal.

Entende que estes orzamentos non son rigorosos, pola falta de depuración dos dereitos pendentes de cobro, e a existencia de recoñecementos extraxudiciais de crédito por importe de 11 millóns das antigas pesetas, algúns, con facturas dende o ano 2000. son tamén uns orzamentos antisociais e ineficaces porque non resoven as carencias dos cidadáns, provocan o anquilosamento da sociedade, e non melloran as infraestruturas básicas nin xeran emprego.



Levamos seis exercicios consecutivos nos que se incrementa o persoal e descende a inversión, e iso é porque vostedes pagan favores contratando persoal. A inversión real so é o 3,9% do total orzado, e esta é unha contía irrisoria, sendo como somos, o quinto Concello da provincia en número de habitantes.

Menciona o voceiro que os nosos parques incumpren a normativa europea, o desmantelamento do común e o abandono dos espazos públicos, ademais do reiterado incumprimento de acordos plenarios sobre o parque da urbanización Bahamonde, e outros, como o parque “O Barreiro”, en Bentraces, onde soamente se puxo unha rede e unha varanda, e so foi un arranxo estético.

Na Avenida de Celanova existen farois caídas con evidente risco para a veciñanza, e con 40.000 euros na partida, non se van a poder arranxar, e na Valenzá, prodúcense esbaróns e caídas dos veciños polo estado do firme; Pregúntase o voceiro, onde están os cartos que a veciñanza reclama para servizos, porque :

- Sobre a situación da sanidade, o PSOE pediu que se pintaran as paredes do centro de saúde, e non temos partida sinalada nos orzamentos para iso, e a última reforma foi fai seis anos, a pesares de que é un local moi frecuentado polos veciños.
- Sobre as piscinas municipais, sinalan que se quedaron pequenas antes da súa inauguración, e agora, ten habido contratempos graves, e feridos, polo mal estado do firme. E vostedes aproban a moción que nós traemos ó Pleno, pero agora non contemplan unha partida para o arranxo.
- En materia de formación laboral e emprego, vemos o compromiso cero do seu grupo de goberno. So se contemplan gastos de persoal e o dos fondos FEDER, para o desenvolvemento da castaña, frambuesa, e oliveira. Non foron capaces de realizar os cursos , conferencias e seminarios, e agora os teñen que facer no ano 2013 porque senón perden os cartos. ¿ Para que serve este proxecto? Soamente para crear un posto de traballo. E respecto á iniciativa sobre a empresa de biomasa, o alcalde manifesta en prensa que “o Concello aposta por ela” por considerala beneficiosa. Como se fora un casino: non aporta nada; solo aposta.
- Sinala un gasto de 7.992 euros en cuñas , faldrons publicitarios, e fomento do auto bombo, cando os veciños necesitan o diñeiro para outras cousas.

Afirma o incumprimento de prazos respecto o centro de saúde, centro de día, piscinas, instituto, polideportivo. Somos o único concello da provincia que non ten Polideportivo. A gardería pretenden privatizala de novo; Na Casa de Cultura e imperiosa a necesidade de colocar aire acondicionado na biblioteca, e non se contempla partida para isto, pero sen embargo si que se contempla para o aire nas



oficinas municipais; O anexo de investimentos é unha listaxe de contías baleiro de contido.

En resumen, os orzamentos non resolven as necesidades veciñais e prexudican os petos dos cidadáns polas taxas. E mentres nós intentamos buscar outras formulas, como a taxa por caixeiros automáticos, non contemplan ingresos por este concepto, polo que esixen que se de cumprimento a esta taxa.

Respecto ás subvencións, o control de realización das actividades, se esixe legalmente, pero o que debe determinar a concesión, é o interese xeral da actividade. Temos colectivos moi activos que se ven prexudicados no reparto de subvencións. Faise un uso partidista das asociacións de veciños, e falta a procura do interese xeral.

Finalmente sinala que os dereitos de dubidoso cobro prescriben os catro anos, e debería facerse unha depuración mais rigorosa, porque senón, cando se teñan que dar de baixa, teremos un buraco contable importante.

Pola Presidencia respóndese que o discurso da oposición o rebate cun feito incontestable; por que creen que teñen vostedes a razón e que nós estamos equivocados? Son os veciños os que sempre teñen a razón, e vostedes levan 25 anos na oposición.

Respecto á intervención do Sr. Fírvida sinala que as privatizacións dos servizos so se fan para que ó Concello non lles resulten determinados servizos, deficitarios. O servizo da gardería, mentres siga así, non se privatizará. En canto o servizo de augas, fixemos fai anos un convenio con Ourense para minimizar custes de depuración e impacto ambiental, gracias a iso se eliminan os custes de mantemento dunha depuradora no municipio.

O que figura como traballos de outras empresas en materia de lixo, que é un servizo privatizado, son as cantidades que corresponde pagar a Sogama.

Respecto ás subvencións, para vostedes nunca van a estar ben. As concedemos previa xustificación do gasto, e si fosen en concorrencia competitiva, vostedes dirán que llas damos os nosos amigos..

As cantidades varían segundo o nivel de actividade das asociacións, e , en canto á do Club Barbadás, se considera de interese, xa que agora leva o nome e a imaxe do municipio por España adiante.

No relativo a transportes, a área metropolitana vaise facer, pero en Ourense poñen pegas para que non sexa un éxito do PP. Non obstante vaise por en marcha con o sen Ourense.

En materia de recadación, o custe se incrementa porque se incrementa o volume da mesma , e o cobro é unha porcentaxe da recadación total.

Finalmente sinala que as adicacións exclusivas responden a un traballo que se realiza, e que, en opinión dos cidadáns, non esta tan mal feito como vostedes din.



Respecto á intervención do Sr. Valcárcel, a Presidencia resposta que os números teñen unha filosofía detrás, e a nosa é a de priorizar os servizos que se prestan ós cidadáns, e por iso hai que manter ó persoal que fai posible esa prestación.

É certo que somos o quinto municipio da provincia en poboación, pero tamén somos un dos máis saneados, e temos déficit cero e débeda cero, que é o que estase buscando en todos os municipios de España actualmente, e iso é por unha xestión sensata ó longo dos anos. Nós damos prioridade ás persoas, e logo, se se pode, ás obras. Mantemos os servizos de axuda a domicilio no mesmo nivel que o ano anterior, a atención á xente nova, ó deporte. E os veciños entenden o noso traballo.

Remata a súa intervención sinalando que se pintará ó Centro de Saúde, e que a taxa dos caixeiros automáticos se aplicará.

O Sr. Fírvida (BNG) afirma que, despois do discurso do alcalde, so nos falta afiliarnos todos ó PP, e lembra que eleccións democráticas tamén as gañou Hitler ou Musolini, e habería que analizar como se coacciona o voto e como se captan votos no rural.

Matiza que na súa primeira intervención, non falou da taxa por caixeiros, porque entendeu que os 50.000 euros previstos en uso privativo de espazos públicos, a englobaba.

Respecto ó Fondo Nacional de Cooperación, sinala que agora se nos transfiren 150.000 euros menos que o ano anterior, pero que o BNG presentou iniciativas para que se cambiasen os criterios de reparto de estes fondos, e o PP en Barbadás, nin na Xunta, os quixo aceptar.

Respecto os gastos de persoal, o porcentaxe que supoñen, na realidade tería que ser incrementado co importe das pagas extraordinarias que os funcionarios non perciben este ano, e o 5% de desconto das nóminas.

En materia de subvencións, non entende por que se subvencionan á asociación música e cultura, cando non é unha asociación de Barbadás. Destaca tamén como se suprime a do único club feminino de fútbol do Concello. Tamén se nota ausencia dunha partida adicada á violencia de xénero. E respecto ó fútbol profesional, no é unha actividade altruísta, xa que os profesionais cobran por elo.. Finalmente, esixen a concesión da subvencións en concorrencia competitiva, para unha maior xustiza e igualdade na obtención das mesmas, e para que sexan técnicos os que valores os proxectos de actividade que se presenten.

Remata a súa intervención afirmando que o goberno local vive do clientelismo coa partida de persoal.

O Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE) sinala que o Alcalde sempre fala de vitorias electorais, e o discurso sempre é o mesmo.



Fala tamén de servizos, pero ... ¿cales? Nos faltan servizos básicos como o centro de saúde, unha nova gardería.. Tampouco entende como se pode dicir que non se sabe como se cobrará a taxa por caixeiros automáticos..

Respecto ás subvencións, pregunta si todas as asociacións xustificaron os proxectos que van a realizar para obtelas, o que se lle resposta por intervención afirmativamente.

Remata a súa intervención pedindo a constancia en acta de que unha traballadora social, nas últimas eleccións, figuraba cun adhesivo de interventor do PP, o que cree que pode afectar ó seu traballo, no sentido da liberdade dos usuarios para expresarse sobre as súas situacións persoais con ela.

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PP , e os votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG, o seguinte acordo: **“Aprobación inicial do orzamento para o ano 2013 do Concello de Barbadás”**

### **3.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VERTIDOS DE AUGAS RESIDUAIS DE CALQUERA CLASE**

Pola Presidencia expónse que se trata da actualización das tarifas conforme a o IPC.

O Sr. Fírvida (BNG), anuncia a abstención do seu grupo, dado que esta taxa xa se viu incrementada de forma considerable nos anos anteriores, e co contexto da crise, esta suba do IPC contemplada no contrato, causa moitos prexuízos ós cidadáns. Non están de acordo coa filosofía do contrato.

O Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE), sinala que esta é a quinta vez que o seu grupo fala de carencias desta ordenanza, como a discriminación entre grandes consumidoras e consumidores domésticos, ou a falta de sensibilización no aforro do consumo. Para poder resolver estas cuestións, se alega polo grupo de goberno a existencia dun contrato, e a necesidade de investir cartos nun estudio técnico. Pois entendemos que este tema non é exclusivamente técnico, e se hai que investir eses cartos, se invisten.

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PP e os votos en contra do PS de G- PSOE e as abstencións do BNG, o seguinte acordo : **“ Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de vertido de augas residuais de calquera clase”**





#### 4.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

Dáse por reproducido o debate mantido no punto anterior.

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PP e os votos en contra do PS deG- PSOE e as abstencións do BNG, o seguinte acordo: **“Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de abastecemento de auga potable”**

#### 5.- APROBACIÓN DO ACORDO SOBRE AS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL Ó SERVIZO DO CONCELLO DE BARBADÁS.

Pola Presidencia cédese a palabra á Secretaria Xeral, que explica o contido do acordo adoptado cos sindicatos e que se somete a ratificación polo Pleno.

O Sr. Fírvida (BNG) expón, que este é un Decreto que responde á doutrina neoliberal do PP, que fai culpable ó traballador, incluso por estar enfermo. Vostedes sinalan que toda a culpa do que pasa foi do PSOE, pero co SR. Feijóo, aumentou o paro..

Trátase con este Decreto, de culpabilizar ós empregado públicos, para logo, privatizar os servizos. Pero, ¿como a empresa privada se vai meter nun servizo deficitario? ¿Creen que son parvos?

O BNG pide un espírito de insumisión frote a unha forma de culpabilizar, e de gravar ó funcionario, nunha época que entre a suba do IBI, o medicamentazo etc..., son todo recortes.

Imos votar en contra, non polo acordo concreto adoptado cos sindicatos, senón porque estamos en contra do Decreto.

Dª Victoria Morenza (PSdeG-PSOE) sinala que o seu grupo, esta a favor de mellorar as condicións dos traballadores, e máis, co consenso cos sindicatos, como é este o caso. O PP nacional ten imposicións, e os Concellos tratan de palialas. Por este decreto teran que ir a traballar as persoas enfermas.

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE, e os votos en contra do BNG, o seguinte acordo: **“Ratificación do acordo regulador sobre as prestacións económicas na situación de incapacidade temporal do persoal ó servizo do Concello de Barbadás”**



### 6- MOCIÓNS

#### **A- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA PARA QUE DEFINA FORMALMENTE A DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS HUMANOS E SERVIZOS SANITARIOS DO NOVO CENTRO DE SAÚDE**

Polo voceiro socialista, Sr. Valcárcel, procédese á lectura da seguinte moción:

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Recentemente foi presentado o proxecto para o novo Centro de Saúde da Valenzá. Un proxecto que repercutirá directamente nas vidas de todos os veciños e veciñas de Barbadás por tratarse dunha dotación básica reclamada desde hai moitos anos.

Esta presentación fíxose despois de múltiples incumprimentos dos compromisos asumidos e publicitados polo Alcalde de Barbadás, a Deputación Provincial e a Xunta de Galicia: as obras tiñan que terse iniciado antes de finais do ano 2010, segundo anuncio da Xunta publicado en prensa. Tras ese incumprimento inicial, o Alcalde anunciou que se ían a iniciar as obras antes de finalizar o mes de maio de 2011, é dicir, na campaña electoral das últimas eleccións municipais.

Finalmente demostrouse que todas esas informacións eran falsas e, por suposto, interesadas e carentes de todo tipo de base real. Pódese afirmar que lisa e llanamente eran mentira e, o máis grave, é que vostedes sabían que eran mentira.

Por fin parece que se avanzou e xa se puido facer a presentación do novo Centro Sanitario. Unha presentación que, como non podía ser de outro xeito, foi feita a unha semana de empezar unha nova campaña electoral.

Unha presentación á que non foi convidado o Grupo Municipal Socialista, pódose de manifesto a finalidade electoralista da presentación.

O Partido Socialista sempre esixiu un Centro de Saúde que estivera acorde ás necesidades presentes do noso Concello pero que tamén contemple as previsións demográficas a medio prazo, de xeito que se constrúa unha dotación sanitaria que perdure no tempo.

Da información que se nos facilitou desde a Alcaldía o pasado día 16 de outubro, chegamos á conclusión de que o grupo de goberno do PP en Barbadás descoñece a dotación de persoal e as unidades dos diversos servizos que se van a prestar no novo centro sanitario.

Este feito o único que amosa é unha falla absoluta de interese e un evidente abandono das súas responsabilidades e, por suposto, pon de manifesto unha nula capacidade de xestión dos intereses da



veciñanza.

Por todo o anteriormente exposto, proponho ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

Instar á Xunta de Galicia, en concreto á Consellería de Sanidade, a que defina formalmente a distribución dos servizos sanitarios e os correspondentes recursos humanos, tendo en conta non só a actual situación poboacional, senón tamén o crecemento demográfico a medio prazo de Barbadás.

Instar á mesma administración para que defina formalmente o sistema de xestión tanto dos servizos sanitarios como os non sanitarios.

Considera o voceiro inadmisíbel a falta de información do PP sobre o persoal, unidade e forma de xestión do futuro centro de saúde, e que o alcalde afirme que iso é unha competencia da Xunta, co que se deduce que serán decisións políticas, sen ter en conta as necesidades da poboación. Esixe finalmente, unha política máis reivindicativa dende o Concello.

D. Serafín Nuñez (BNG), sinala que o PP, no Estado, e na Xunta, amparándose na crise, con campañas catastrofistas e o suposto aforro que se logra coa privatización, está levando a cabo unha comercialización da saúde e da enfermidade. Son moitos os exemplos, como o do Hospital de Vigo, no que o custe de mantemento se duplicou. Tamén se están a producir despedidos, amortizacións de prazas, redución de contratacións, peches de camas, como en Piñor, que son 70 menos, ou o psiquiátrico de Toén, que atópase abandonado...

E unha política na que os ricos van a médicos privados, e os pobres se ven privados de médicos. A saúde deixa de ser un dereito universal, e a vida non vale nada se non tes cartos.

Esta é a filosofía da dereita: xente que esnaquiza servizos públicos para logo privatizalos.

Xa centrándonos na moción, vostede no ano 2010 cando había mobilizacións na rúa dixo que xa estaría feito o centro de saúde para o ano. A súa política basease na falsidade e na mentira. Nestas eleccións autonómicas, en campaña electoral, Eladio Fernández trae a Eloína Núñez, e van carretando ós vellos de Fonval para presentar un proxecto inexistente.

Mentres, toca seguir agardando..., mentres non se fixo nada, e non hai nada orzado na Xunta para o 2013..

Vostedes, ademais, deixaron os terreos bos para a construción, e deixaron os altos e outeiros para as dotacións públicas.

Existe unha falta de respecto e interese, súa, pola sanidade pública, e unha falta de previsión fronte o



crecemento poboacional na creación de servizos.

Pola Presidencia, respóndese que se houberen acudido á exposición do proxecto de centro de saúde, todo o que agora están demandando, xa o saberían.

O 26 de setembro saíu o concurso para a adxudicación, e serán 1952 metros construídos e 1586 útiles. Será financiado o 80% con fondos FEDER correspondentes ó período 2007-2013, e o 20% do orzamento, con cargo á Xunta. Terá un custe de 3.348.000 euros e vai ser público.

Respecto ó persoal, terá un traballador/ora social, servizo de farmacia, pediatría, servizo da muller, odontoloxía, medicina xeral, e enfermería. Haberá cinco médicos de medicina xeral, un pediatra diario de mañá e de tarde, e montarase un servizo de odontoloxía, e un servizo da muller. Prevese a posibilidade de ampliación de servizos sobre a construción existente.

O Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE) sinala que na actualidade hai un caso no que se pediu cita o 26 de outubro para unha extracción de sangue, e concedeuse a cita o 30 de novembro. Tamén sinala que en pediatría dánse as citas para tres/catro días despois de cando o pai ou a nai o necesitan para o neno.

A continuación preguntase por que se resposta de forma vaga ás súas preguntas escritas, e quere que a Secretaria xeral informe sobre que clase de delito constitúe o feito de que o Alcalde non responda cos datos que agora demostra coñecer, cando a oposición o pregunta por escrito.

Pola Secretaría Xeral se emite informe verbal sobre a cuestión.

Solicita o voceiro que conste por escrito que as respostas recibidas por escrito do Sr. alcalde, non concordan coas realizadas agora verbalmente no Pleno.

Finalmente solicita que o Sr. Alcalde sexa reivindicativo coas necesidades da cidadanía e que informe fidedignamente.

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, e os votos en contra do PP, o seguinte acordo : **“ Rexeitamento da moción presentada polo PSdeG-PSOE para instar á Xunta de Galicia para que defina formalmente a distribución dos recursos humanos e servizos sanitarios do novo centro de Saúde “**



### **B- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA REDEFINIR AS FUNCIÓNS E COMETIDOS DA CONCELLERÍA DE SERVIZOS SOCIAIS E PARA QUE SE UNIFIQUE O CRITERIO NO RELATIVO AS TAREFAS DE MANTEMENTO DOS CENTROS CÍVICOS DO MUNICIPIO.**

A Sra Morenza ( PS de G- PSOE) procede á defensa da seguinte moción.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A **dinamización da comunidade** é un dos principais motores dunha sociedade que aspira a progresar e a medrar. En consecuencia, o movemento asociativo debe converterse nun dos eixos vertebradores desta continua adaptación ás necesidades e inxerencias da cidadanía. No municipio de Barbadás o movemento veciñal caracterízase polo seu **carácter activo e emprendedor**.

Pero esta actividade das diferentes asociacións veciñais, culturais, lúdicas, deportivas, etc debe ser impulsada e apoiada dun xeito especial polo Concello de Barbadás. É preciso, polo tanto, que se estableza unha **relación fluída entre asociacións e administración municipal**.

A Concellería de Servizos Sociais debería ser o **punto de encontro** entre o concello e os diferentes colectivos do concello. Dende esta área pode levarse a cabo unha **coordinación seria e rigorosa** en todo o relacionado coa planificación de actividades non só municipais, senón tamén as organizadas polos propios colectivos.

A persoa responsable desta concellería, que dende o comezo da lexislatura 2011-15 percibe un salario con cargo ás arcas municipais (1.203,50 € por media xornada), debería asumir esta tarefa de coordinación, tendo en conta **que no concello existen 14 locais de titularidade municipal**. Dende o Partido Socialista consideramos necesario que se estableza un programa de actividades coordinado e dirixido a tódalas franxas de idade, fundamentalmente ós maiores e á infancia-xuventude.

Hai que ter en conta a **importancia de deseñar unha planificación dirixida ós nenos e xóvenes** que se pode desenrolar nos diferentes centros sociais. As cifras deixan clara a necesidade que existe de programar actividades para a poboación infantil e xuvenil dende os locais cívicos, sobre todo os dos pobos.

En Piñor hai 87 nenos e mozos con idades comprendidas entre 0 e 18 anos. En **Sobrado 85**, en O Fonsillón e As Lamas 58, mentras que na **Finca Fierro contabilízanse 57 nenos e mozos** e en Bentraces 41. Nos períodos vacacionais e no verán os xóvenes e nenos precisan dispoñer de oferta lúdica e didáctica.

No Grupo Socialista **botamos en falta que se elabore dun xeito formal un programa de**



**actuacións e actividades anual**, ó igual que se fai en outras áreas como Xuventude, Cultura ou Deportes. É necesario que se inicie unha liña de colaboración, apoio e asesoramento dirixida ás asociacións do concello de Barbadás, principalmente ás de carácter veciñal.

A visualización do programa de accións emprendidas pola Concellería de Servizos Sociais é precisa para **demostrar que a austeridade é un feito e non só un “argumento electoral da xestión do PP”**.

Na actualidade estanse producindo certas **desigualdades entre uns centros sociais e outros no que se refire ó mantemento** dos locais. Nalgunhas instalacións, prácticamente na maioría, o custe das tarefas de limpeza é asumido polo Concello, que se encarga directamente do mantemento dos locais nas debidas condicións. Sen embargo, **hai outros pobos onde esto non ocorre**, un motivo polo que é preciso que se actúe dun xeito uniforme, é dicir, que o Concello asuma o mantemento total de todos os centros no que se refire á **limpeza das instalacións**.

Por todo o anteriormente exposto, propono ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Que se **redefinan as funcións da Concellería de Servizos Sociais** para que a persoa encargada asuma unha tarefa de coordinación dos locais sociais do concello co obxecto de **favorecer** un maior **dinamismo social** e propiciar que se leven a cabo un amplo abano de actividades.

Que se **propicie** a partir deste redeseño na planificación da área de Servizos Sociais **a coordinación de actividades entre diferentes centros sociais**, co obxecto de reducir gastos e favorecer a interacción entre asociacións.

**Que o Concello unifique os criterios relativos ó mantemento dos centros sociais no que se refire ás tarefas de limpeza** para evitar as diferenzas de trato que se están a producir nalgúns pobos.

Entende a voceira que é preciso encher de contido esta concellería, e que isto parecía o motivo que xustificaba ter un concelleiro con adicación, pero un ano e medio despois a programación e planificación seria de actividades non chega a visualizarse, polo que é preciso redefinir, e solicitamos a elaboración dun calendario de actividades. Os técnicos non poden ser os únicos que se encarguen desta área. So se encarga o concelleiro de coordinar un local social, e o resto teñenos abandonados.. Estes locais, deben ser centros de reunión, puntos de encontro, lugares onde teñan talleres de informática; pódense facer exposicións, cine, ludotecas, charlas, asesoramento xuvenil, educación de adultos, bibliotecas...

Respecto as tarefas de mantemento e limpeza, durante anos facías a empresa concesionaria, pero a



maioría non gozan dese privilexio, e incluso se chegou a insinuar que terían que limpalos os usuarios de determinadas actividades. En conclusión, a voceira solicita que se busque unha solución de consenso.

D<sup>a</sup> Anxela González (BNG), sinala que cinguirase á moción, porque a exposición da voceira socialista foi mas alá da mesma.

O BNG, hai partes da moción que considera, como por exemplo, están de acordo en que a Concellería de servizos sociais tería que ter mais peso político, e que o concelleiro que cobra media xornada, debería adicarse a moito mais que limpar un local e abri-lo e pechalo.

Se dende que entrou o concelleiro houberse mellorado a situación con propostas para os servizos sociais, nós, aplaudiríamolo. Pero non foi así. Ata aquí, estamos de acordo.

Pero nesta moción recóllense mais propostas. Relendo os acordos, o BNG está a favor da autoxestión das asociacións veciñais, e entende que isto que propón o PSOE suporía unha fiscalización e control por parte do grupo de goberno sobre o movemento veciñal.

Tamén opina o BNG, que para levar a cabo as propostas socialistas sobre os locais sociais e as actividades, tería que establecerse un transporte intra municipal con carácter previo, para facelas posibles.

Pregunta, por outra banda a voceira, si é certo que existen locais sociais que se limpan con cargo ó Concello, o que resposta a Presidencia que si pero so ó de Bentraces, porque a persoa que o realiza ten a misión de abrir e pechar o local tamén.. A voceira resposta que nas Lamas estase pagando por esa limpeza pola asociación , o que representa un agravio comparativo.

Pola Presidencia sinalase, que a oposición por un lado reclama independencia e autoxestión das asociacións , e por outro , unha planificación e control pola concellería.

Non dispoñemos de medios e de persoal para realizar actividades en cada local de cada pobo, por iso chegamos a acordos puntuais en cada lugar, para a realización de actividades segundo a demanda que teñan. Este sector está cuberto e o concelleiro adicase ó seu cometido, e non so a limpar e abrir e pechar.

Non podemos asumir neste momento o incremento do 15% do custe do contrato que suporía limpar todos os locais, polo que de momento, aínda que todo é mellorable, o seguiremos facendo como ata o de agora, mentres non temos un soporte económico que o permita facer de outra maneira.

A voceira socialista sinala que o PSOE é a segunda vez que presenta esta moción, e entenden que o concelleiro de servizos sociais ten que levar unha coordinación de apoio, como por exemplo para



actividades como o traslado de fondos para crear bibliotecas , etc..

A voceira do BNG, sinala que o seu grupo vai votar estes acordos concretos que figuran na moción, e pola exposición anterior e o apoio á autonomía das asociacións, votarán negativamente, aínda crendo que a Concellería de servizos sociais tería que ter un maior peso político e de actuación, e o concelleiro, no so abrir e pechar e limpar un local.

Sen mais , sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PSdeG- PSOE, e os votos en contra do PP e do BNG, o seguinte acordo: **“Rexeitamento da moción presentada polo PSdeG- PSOE, sobre a redefinición das funcións e cometidos da concellería de servizos sociais e para que se unifique o criterio no relativo as tarefas de mantemento dos centros civicos do municipio.”**

### **C- MOCIÓN DO BNG PARA A DEFENSA DOS DEREITOS DAS MULLERES E DA LIBRE DECISIÓN SOBRE A SÚA MATERNIDADE**

D<sup>a</sup> Anxela Gonzalez, procede á defensa da seguinte moción:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O 4 de setembro celebrouse o Día Mundial da Saúde Sexual. Segundo a OMS a saúde sexual é "un estado de benestar físico, emocional, mental e social, relacionado coa sexualidade, non só a ausencia de enfermidade, disfunción ou incapacidade". Para que se acade e manteña a saúde sexual, os dereitos sexuais de todas as persoas deben ser respectados, protexidos e exercidos con plenitude.

A Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, garante para as mulleres a libre decisión sobre a súa maternidade, unha parte fundamental dos dereitos sexuais. O Goberno do Estado vén de manifestar a súa decisión política de recortar de xeito moi grave ese dereito. O BNG tense manifestado en numerosas ocasións en contra deste recorte anunciado, igual que o teñen feito numerosas plataformas e organizacións de mulleres en Galiza e no Estado. O BNG ten asemade reclamado a necesidade de que o Goberno galego elabore unha normativa propia que manteña estas garantías malia as modificacións que se fagan na normativa estatal.

É preciso que novamente as institucións manifesten claramente o seu apoio ao mantemento deste dereito das mulleres á interrupción voluntaria do embarazo garantido coa lei actual de prazos.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte





### ACORDO

O Concello comprométese a defender os dereitos das mulleres e manifestarse contra a derogación da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reproductiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, que garante para elas a libre decisión sobre a súa maternidade.

Demandar do Goberno galego o desenvolvemento dunha normativa propia que garanta os dereitos sexuais e reproductivos das mulleres galegas.

Enviarlle este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ao Presidente do Goberno do Estado.

Entende a voceira que tense producido un retroceso en materia de políticas de muller co goberno do Sr. Feijóo. Coa creación da rede madre (fomentando a criminalización do dereito da muller a elixir sobre a súa maternidade), coa desaparición do servizo galego de igualdade e as súas oficinas territoriais, e o descenso de dispositivos destinado a protección da muller.

Trátase de relegar á muller á casa, e evitar que ocupe cargos de responsabilidade. E aquí en Barbadás, non temos nin políticas de muller, nin partidas nos orzamentos para elas.

A situación actual é a de retroceso, volvendo a unha discriminación por razón de clase: as mulleres de poder adquisitivo, foron antes, e volverán a ir a Londres a abortar, e as de clase media e baixa, arriscarán a súa vida en clínicas clandestinas. E iso será un incremento de mulleres mortas, por violencia de xénero, neste caso “social”.

Hai que lembrar que a maternidade é un dereito, e non unha obriga, e a lei debe permitir o exercicio dese dereito.

Procede a lectura dos acordos da moción.

D<sup>a</sup> María Presas (PSdeG-PSOE) manifesta o total desacordo do seu grupo co establecemento dunha normativa que supoña volver a unha época na que a decisión sobre a maternidade non era un dereito.

Pola Presidencia manifestase que este non é o foro adecuado para discutir este asunto.

D<sup>a</sup> Anxela González (BNG) afirma que moitas mulleres tiveron en tempos pasados que dar a cara para que se vise o aborto como un dereito, e agora, a dereita, coa súa dobre moral, pretende eliminar o que verdadeiramente é un dereito da muller, e endurecen cada vez máis este tema. Resalta que se usa nel unha dobre moral, e que isto é un intento de ideoloxizar da dereita.

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE, e os votos en contra do PP, o seguinte acordo: **“Rexeitamento da moción presentada polo BNG para a defensa dos dereitos das mulleres e da libre decisión sobre a súa maternidade”**



### **d) MOCIÓN DO PS DE G-PSOE PARA QUE SE ACOMETA UNHA ACTUACIÓN DE URXENCIA PARA MELLORAR O ENTORNO E AS CONDICIÓNS DE SEGUIRDADE DO PARQUE DO FIDALGUIÑO , EN SOBRADO.**

Procedese á votación da urxencia, resultando esta acordada por unanimidade.

D<sup>a</sup> María Presas (PSdeG-PSOE) procede á lectura e defensa da seguinte moción.

Dende o Grupo Municipal socialista de Barbadás consideramos fundamental que se leve a cabo canto antes unha actuación no parque do Fidalguiño, en Sobrado.

Hai unhas meses iniciáronse unhas obras ó carón da pista de tenis que a día de hoxe están paradas e abandonadas.

Dicimos abandoadas porque cando se comenzaron empezouse a facer un movemento de terras na marxe dereita da pista de tenis, e neso se quedou, nun simple movemento de terras pero que pode chegar a ser moi perigoso para os veciños e veciñas que van facer uso das instalacións ou mesmo para os cativos que xogan polo parque.

Do barranco que quedou despois de gaberse iniciado as obras despréndense a cotío pedras de gran tamaño e area que remata no medio da pista de tenis, o que fai mási complicado xogar e practicar deporte en boas condicións; esta situación agrávase os días de chuvia, pois queda despois a pista convertida nun auténtico barrizal.

Pero así a todo, ó Grupo Municipal Socialista, o que mási nos preocupa é a falta de seguridade que ofrece o barranco para os máis cativos, pois faltos de medos pasan a tarde tentando subir e baixar polo barranco, polo que pensamos que é necesaria unha actuación urxente para evitar así que se produzan futuros accidentes por posibles desprendementos de pedras.

En relación tamén ca seguridade, dende o PSdeG pensamos que tamén é importante colocar de novo o valado metálico que está bordeando a parte de arriba do barranco, pois non está suxeito ó chan, polo que é fácil que un cativo se poida meter por baixo dela.

Respecto ás melloras do entorno do parque do Fidalguiño, os Socialistas de Barbadás consideramos oportuno, debido ó gran número de nenos e nenas que hai en Sobrado, que se faga unha actuación sobre o parque infantil, poñéndolle o chan de caucho e instalando un bambán con cestiño.

Por todo o anteriormente exposto, propoño ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

- Que se tomen as medidas oportunas para evitar que haxa desprendementos no barranco.



- Que se poña a valla metálica que está por riba do barranco pegada o chan para evitar caídas de nenos e nenas
- Que se instale no parque infantil un bambán con cestiño e se cubra con caucho o chan do parque.

Pregunta cando se rematan os prazos de execución da obra, e se lle resposta que o 30 de xuño de 2013.

Advirte do perigo existente para os cativos.

O Sr. Fírvida (BNG) manifesta o voto a favor do BNG, e sinala que deberíase facer un plan anual de obras e traer cousas puntuais está ben, pero seria o correcto facer unha planificación de obras.

Pola Presidencia sinálase que asumen a filosofía da moción, e imos a corrixir de forma urxente as deficiencias. Estábamos pendentes da subvención, e a concelleira xa está no tema. A pesar de que considera que esta moción se presenta a destempo e que non era necesaria van a votar a favor.

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando, por unanimidade o seguinte:”*Que se acometa unha actuación de urxencia para mellorar o entorno e as condicións de seguridade do Parque do Fidalguiño en Sobrado*”

### PARTE DE CONTROL

#### 7.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

A Corporación queda enterada das resolucións ditadas dende a sesión anterior

#### 8- ROGOS E PREGUNTAS

##### ROGOS VICTORIA MORENZA DOFORNO

- Que se retire o lixo que se acumula dende hai semanas en tres puntos, preto uns dos outros, situados nas inmediacións do cruce co sendeiro que vai dende Barxa ó Común (Piñor)
- Que se faga unha revisión dos pozos que se atopan sen protección no camiño de Requeixo ó Común debido á perigosidade que supón esta situación.
- Que se busque unha solución para pór fin á acumulación dun rego de auga que discorre polo



camiño das Quintas debido a que un pozo particular reborda. Esta situación provoca que durante boa parte do inverno este rego que invade a calzada se conxele e provoque inseguridade tanto para os viandantes como para os vehículos.

- Que se estude a posibilidade de habilitar pasos de peóns elevados en puntos estratéxicos da estrada principal de Parada, así como na Pista de San Bieito.
- Tomar as medidas oportunas para mellorar a visibilidade no paso de peóns situado enfrente da cafetería Brétema (A Valenzá) porque os vehículos estacionan na distancia de seguridade do paso de peóns e fan que este lugar sexa un punto perigoso para automobilistas que se incorporan como para os peóns.
- Que se revise o cumprimento da sinalización de prohibido o paso de camiións polo núcleo de Barxa (Piñor).
- Que se instale unha papeleira no baño de mulleres da Casa do Concello na 3ª planta.

### PREGUNTAS VICTORIA MORENZA DOFORNO

1- En que punto se atopa o proxecto de construción de vivendas para mozos nos Muíños? ¿Adoptouse algunha medida para pór fin á ocupación deste espazo público dunha persoa dende o verán?

Pola Presidencia respóndeselle que está paralizado dende a Xunta de Galicia.

2- Na pista de San Bieito (Piñor) estívose procedendo á mellora do tendido eléctrico. ¿Os postes antigos, que en moitos casos impiden a entrada a fincas, van ser retirados?

Pola presidencia respóndeselle que segundo informou a Empresa, si

3- No Barrio das Quintas, en Piñor, hai unha antiga poza de rega que se atopa en estado de abandono. ¿Vai o Concello adoptar algunha medida de limpeza e protección para facilitar que a veciñanza poida usar esta poza?

Pola Presidencia respóndeselle que se estudará o caso.

4- ¿En que punto está a contratación das 4 persoas que formarán parte da plantilla de mantemento do futuro polideportivo? ¿Cando está prevista a apertura das instalacións?

O Sr. Alcalde resposta que o persoal contratarase unha vez aperturado e segundo a necesidade. E aperturarase o antes posible, unha vez rematadas as obras.

5- Transporte metropolitano: ¿Entre as actuacións e melloras que se van acometer vanse instalar marquesiñas en Parada e no Hospital de Piñor?

O Sr. Alcalde resposta que segundo informaron os técnicos que supervisaron as liñas, si



6- ¿Cando se vai por en marcha unha aula de novas tecnoloxías no Centro social de Piñor?

Pola Presidencia respondese que fará cando se poida.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 15,00 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O SECRETARIO

O ALCALDE